

A cantiga de amor

A **cantiga de amor** é un poema con música no que **un home** (o trovador) se dirixe a unha **dona** (dama), mostrando o seu amor por ela. En contra do que sucedía nas cantigas de amigo, o **suxeito lírico** é, pois, **masculino**.

3.1 Orixes

As orixes directas das cantigas de amor galego-portuguesas debemos buscalas fundamentalmente na **cançó**, un dos xéneros da literatura provenzal. Non obstante, os nosos trovadores non seguen exactamente o canon provenzal, senón que se trata, en certos aspectos, dunha adaptación con algunhas diferenzas.

Tamén a **tradición autóctona** puido influír nas nosas cantigas de amor, poi é incuestionable a existencia de composicións amorosas no ámbito galego-portugués antes da chegada da literatura provenzal.

3.2 Clasificación

Desde o punto vista formal, distínguense dous tipos de cantigas:

- As **cantigas de mestría** son as que **non teñen refrán** e seguen o modelo da **cançó** provenzal.
- As **cantigas de refrán** empregan unha estrutura paralelística. O uso destes dous elementos (refrán e paralelismo) fai que teñan un carácter autóctono e próximo ás cantigas de amigo.


3.3 O contexto feudal: o feudalismo e o amor cortés

A estrutura política e económica denominada **feudalismo** consistía na vinculación entre un **señor** e un **vasalo**: o primeiro concédelle unha terra (feudo) ao segundo comprometéndose este a renderlle fidelidade e a prestarlle determinados servizos.

Establécese así un **contrato de vasalaxe** polo que o **señor** pasa a ter dominio sobre o vasalo a cambio de protección e manutención. As obrigacións do **vasalo**, pola súa parte, consistirán en serlle fiel ao señor e ofrecerlle consello (asistindo ás cortes e aos xuízos) e auxilio (defendéndoo na guerra).

A **poesía cortés** é unha forma de expresión lírica, de carácter laico, que se desenvolve nas cortes da Provenza, no sur de Francia, desde finais do século XI ata mediados do século XIV. A súa composición característica –como xa indicamos– é a **cançó**, que ten como tema central o **amor**.

Na **cançó** a relación amorosa concíbese como unha **transposición do sistema feudal**. Do mesmo xeito que o vasalo lle prestaba un **servizo** ao seu señor, así, o poeta lle debía **homenaxe e submisión** á súa amada (a **senhor**). Este servizo non é gratuíto, pois o poeta aspirará a ser **recompensado** (*aver bem*), para o cal deberá seguir as normas do **amor cortés**, as virtudes necesarias para conseguir o amor da dama, como: un trato educado, bos costumes, cultura, refinamento, medida (*mezura*) e xenerosidade (*largueza*).



3.4 A cantiga de amor e canço provenzal

Os nosos trobadores imitaron aos provenzais nas súas cantigas de amor, pero existen certas diferenzas entre as nosas e as occitanas.

	LÍRICA PROVENZAL	LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA
Extensión	Maior extensión (seis ou sete cobras).	Menor extensión (3 ou 4 cobras).
Ambientación	A canço comeza con referencias a unha natureza primaveral (<i>exordio primavera</i>). Coordenadas espazo-temporais precisas.	Non hai exordio e apenas existen referencias á natureza. Ausencia de coordenadas espazo-temporais precisas.
A dona ou senhor	A dama a quen se dirixen as cantigas era real e estaba casada (trátase dun amor adúltero). Para gardar o segredo amoroso, os poetas empregaban unha especie de pseudónimo poético (<i>senhal</i>). A dama pode aparecer definida física e psicolóxicamente.	A <i>senhor</i> é unha dona idealizada , que pode estar casada ou solteira . Non existe este recurso. A dona carece de aparencia física; é unha muller abstracta.
O sentimento amoroso	O amor identifícase co gozo de amar e coa alegría (<i>jo</i>). Vinculado ao sistema feudal de vasalaxe, o trobador debía pasar por catro estadios na relación amorosa: • <i>Fenhedor</i> (suspirante): o namorado non se atreve nin a dirixirse á amada. • <i>Precador</i> (suplicante): o poeta pide ser aceptado como namorado. • <i>Entendedor</i> (namorado): a dona acepta a relación e entégalle ao namorado unha <i>doa</i> como sinal. • <i>Drudo</i> (amante): o namorado goza dos favores da <i>senhor</i>.	Trátase dun amor platónico que se relaciona co sufrimento de amar (<i>colta</i>). Na lírica galego-portuguesa o trobador apenas chega nalgunhas ocasións ao grao de <i>entendedor</i> .

3.5 Características xerais

Os elementos fundamentais para identificar un texto como cantiga de amor son:

- A **voz poética** é sempre **masculina**. Sempre fala o poeta (namorado).
- Nos primeiros versos da cantiga adoita aparecer a palabra clave **senhor**.

Outros trazos característicos son a **forma**, os **recursos** e a **linguaxe**.

Forma

A maioría das cantigas de amor galego-portuguesas artéllanse sobre un esquema de 3 ou 4 cobras de seis ou sete versos heptasílabos, octosílabos ou decasílabos que, segundo a rima e a composición poden ser:

- **Cobras unisonantes.** Todas as cobras teñen a mesma rima
- **Cobras singulares.** Cada cobra presenta rima distinta das demais
- **Cobras dobras.** Cada parella de cobras ten a mesma rima.
- **Cobras ternas.** Ofrécese a mesma rima para cada tres cobras.
- **Cobras capfinidas.** Cada cobra comeza pola última palabra ou secuencia de palabras da anterior.
- **Cobras alternadas.** As cobras pares reproducen unha rima e as impares, outra.
- **Cobras capcaudadas.** A rima do último verso dunha cobra repítese no primeiro da seguinte.
- **Cobras capdenals.** Repetición dunha ou varias palabras no mesmo verso de cobras sucesivas.
- **Cobras retrogradadas.** Cando a segunda cobra repite en orde inversa a distribución de rimas da primeira.

3 A cantiga de amor

Recursos

Ademais do **paralelismo** e o **leixaprén**, que xa vimos no apartado dedicado ás cantigas de amigo, entre os recursos máis empregados están os seguintes:

Dobre	Mordobre	Palavra perdida
Repetición dunha palabra, unha ou máis veces, dentro dunha mesma cobra e sempre na mesma posición	Repetición dunha palabra con variacións morfolóxicas ao longo dunha cobra e na mesma posición	Consiste en incluír nunha cobra un verso que non rima con ningún outro da mesma cobra
Pero que eu mui long'estou da mia senhor e do seu ben nunca me dé Deus o seu ben, Don Dinís	E coid'eu que lhe perdõasse, se quisess'ela perdõar Joán Soarez Somesso	Ja m'eu quisera leixar de trovar, se me leixass'a que mi-o fez fazer, mais non me quer leixar ergo morrer. Fernan Rodriguez de Calheiros
Finda	Atéuda ata a finda	
Verso ou grupo de versos (normalmente dous ou tres) ao final da cantiga, que resumen o seu sentido	O verso final dunha cobra completa o seu sentido no verso inicial da seguinte. O sentido é, polo tanto, o que liga os versos e as cobras dunha cantiga	
Mays creer-lhy'ei a quen leixar tod'outro ben por desejar vos que sempre desexarey. Martín Soarez	(...) dú eu amasse outra molher mais ca vos; mais pois que Deus quer que eu a vos queira mellor, Fernan Garcia Esgaravunha	


Outros recursos

Como xa quedou explicitado ao falarmos da cantiga de amigo, tamén na cantiga de amor os nosos trobadores empregaron unha importante variedade de recursos literarios como: **anásteses** (*Que servi semp'r'endonado/ond'un ben nunca prendi*), **hipérboles** (*e poi-la fez das melhores melhor*), **metáforas** (*Com'antr'as pedras bon roby/sodes, antre quantas eu vi.*), **símiles** (*brancas eran come flores*) etc.

Linguaxe

As cantigas de amor galego-portuguesas caracterízanse pola **escasa variedade léxica**, o cal lles dá unha aparencia de monotonía ao repetir sempre os mesmos termos. O que distingue os trobadores é precisamente a destreza no manexo destes termos para conseguir expresar os diversos temas con orixinalidade.

Outro aspecto importante é o emprego de **provençalismos** (*cousir, prez, eire...*) e galicismos (*folía, sazón...*).



3.6 Temática

As cantigas de amor galego-portuguesas desenvolven uns contidos que teñen certa afinidade cos das cantigas de amigo, nomeadamente no que respecta ao tema do amor non correspondido.

En xeral, o poeta realiza a **petición de amor** á dama manifestando a súa admiración e devoción por ela, ou ben **lamentase pola indiferenza** ou falta de correspondencia que esta amosa.

Adoitan desenvolverse catro campos temáticos:

O eloxio da dama	• Adoita aparecer nos primeiros versos da cantiga. • A <i>senhor</i> aparece idealizada e como un ser inalcanzable. • O poeta realiza unha descrición xenérica, abstracta e indeterminada da amada con trazos fixos e convencionais. • O eloxio céntrase en dous aspectos da dama: - A beleza física (<i>senhor fremosa; fremosa mha senhor; bon parecer; bon semelhar; ben talhada; corpo delgado...</i>). - As calidades morais (<i>de bon prez 'valor'; de bon sen 'sentido común'; falar mui ben; mesurada...</i>).
O amor do poeta	• En xeral, o amor do poeta pola dama orixínouse con anterioridade, é dicir, no momento do canto o poeta xa está namorado. • Trátase dun amor que xurdiu espontaneamente, non dun xeito razoado. • En moitos textos Amor e Deus son os culpables deste namoramento e das consecuencias negativas que poida conlevar. • Este inmenso amor maniféstase a través do emprego de expresións como: <i>mia senhor que amo muito; amo-vus tanto; a quen amo máis que outra ren; quan grand'amor lh'ei...</i> • O poeta aspira a conseguir o amor da dama, a obter unha recompensa (<i>aver ben; galardón; prol...</i>) e para iso maniféstase como vasalo fiel (<i>que vos servi sempr'e vos fui leal</i>), pero na lírica galego-portuguesa esa recompensa nunca se produce aínda que o namorado reúna todas as virtudes necesarias para conseguila, como: un trato educado, bos costumes, cultura, refinamento, xenerosidade (<i>largueza</i>), moderación e prudencia (<i>mezura</i>).
A reserva da dama	• Na nosa lírica a <i>senhor</i> non só non lle concede a recompensa senón que manifesta diversas actitudes respecto do poeta, que poden ir desde a indiferenza (<i>desamparar, falir</i>), pasando pola revancha (<i>dar penas, dar coita, fazer mal</i>), ata chegar a mostrarse vingativa (<i>sanha, ira, desdén</i>) e negarlle ao namorado o dereito a lle falar ou a mirala e mesmo pode obrigalo a alonxarse do lugar onde ela se atopa (<i>alongado, fazer partir, mandar ir</i>).
A coita de amor	• Este rexeitamento da <i>senhor</i> provoca a desolación do namorado. • A pena polo amor non correspondido xira arredor do termo «coita» e pode ser expresado mediante outras formas como <i>pesar, doo, afan, lazerar...</i> • Como consecuencia deste sufrimento o trovador atópase <i>desaconselhado, desventurado, cativo...</i> • Por último, esa pena pode levalo a experimentar distintos graos de sufrimento, que van desde o insomnio (<i>non dormir</i>), pasando polo pranto (<i>chorar dos olhos</i>) ou a loucura (<i>perder o sén, ensandecer</i>), e rematando na morte por amor (<i>morrer, morte, non viver</i>). • A morte por amor é un dos tópicos máis característicos da lírica galego-portuguesa. É unha morte finxida ante a imposibilidade de acadar os favores da dona.

③ A cantiga de amor

3.7 Personaxes

Como xa vimos, os principais personaxes das cantigas de amor son **o poeta** (namorado) e a dona (**a senhor**), pero nalgúns casos tamén aparecen **os miscradores**.

A «senhor»

- Non intervéñen nas cantigas (quen fala é o poeta).
- É unha personaxe inaccesible; descrita dun xeito vago e impreciso.
 - Descrición física: de extraordinaria beleza, case perfecta (*fremosa, bon semelhar, corpo delgado...*).
 - Descrición psicolóxica de calidades positivas: a discreción (*mesura*), a amabilidade (*falar manso*), valentía (*bon prez*), sentido común (*bon sen*), bondade etc.
- Trátase dun amor non correspondido que fai sufrir ao poeta.

O namorado

- É o suxeito lírico das cantigas de amor.
- Desempeña o papel de vasalo (*seer vosso, voss'ome*) e home. fiel e honesto, para gañar o favor da dama.
- O rexeitamento da dona lévano ao sufrimento e á queixa; provócalle a perda do apetito e da fala, insomnio, loucura etc., ata chegar á morte por amor.

Os miscradores

- Teñen como función obstaculizar as relacións entre o poeta e a dama.
- Son cualificados de mentireiros e tamén se lles atribúen outros defectos.

3.8 Algúns autores

Aíras Núñez

Foi un clérigo e trobador galego de finais do século XIII, autor de 7 cantigas de amor, 3 de amigo, 3 de escarnio e maldicir, unha cantiga moral e unha pastorela. A súa exigua obra caracterízase polo virtuosismo técnico e pola orixinalidade.

Don Dinís

Neto de Afonso X e Rei de Portugal entre 1279 e 1285, foi o máis fecundo dos nosos trobadores xa que coñecemos 137 cantigas súas, das cales 73 son de amor. A súa obra revela unha importante influencia dos trobadores provenzais.

Joan Airas

É un dos poetas galegos máis representativos e prolíficos (chegaron a nós 81 cantigas súas). Apenas se coñecen datos biográficos deste autor, a non ser que era un burgués, probablemente de Santiago, e que exerceu a súa actividade na segunda metade do século XIII. A súa obra mostra un gusto marcadamente culto e comedido.

Qual dona Deus fez mellor parecer
e que fezo de quantas outras son
falar mellor rason,
e con tod'esto mellor prez aver;
e mais mansa das que eu nunca vi,

Pero García Burgalés

Sempr'eu punhei de servir mia senhor
quant'eu mais pud', assi me venha ben;
pero direi-vo-lo que m'end'aven
e o poder en que me ten Amor:
non me quer ela nen hun ben fazer
e Amor me faz por ela morrer.

Vasco Pérez Pardo

Disseron-vos, fremosa mia senhor,
que non mat'a mi o voss'amor

Roi Martins d'Ulveira